



PROBAS DE ACCESO AO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA

CURSO 2022-2023

GRAO PROFESIONAL

1. NORMATIVA DE APLICACIÓN

PARA TODAS AS ESPECIALIDADES

(Extracto do Decreto 203/2007, do 27 de setembro. DOG do 31 de outubro de 2007): Artigo 11º.- Acceso ó primeiro curso de Grao Profesional.

Para acceder ó primeiro curso das ensinanzas profesionais de música cumprirá superar unha proba específica de acceso. Mediante esta proba valorarase a madureza, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais, consonte os obxectivos establecidos neste decreto.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará o procedemento de acceso ao primeiro curso, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes.

Para todas as especialidades, agás para a de canto, a devandita proba consistirá en:

- Interpretación, no instrumento da especialidade que opte, de tres obras pertencentes a distintos estilos, das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para superalo.
- Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para superalo.

A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70% e o segundo nun 30%.

A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para matricularse no curso académico en que fose convocada.



(Extracto da Orde do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música):

Capítulo II. Artigo 5º. (...)O número máximo de probas de acceso ao grao profesional que poderá realizar cada aspirante é de catro: dúas convocatorias ó primeiro curso e outras dúas convocatorias a calquera outro curso que non sexa o primeiro. Para estes efectos, non se computarán as probas nas que se obtivera a puntuación mínima establecida para o acceso.

Capítulo III. Artigo 9º. Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal. No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, ben sexa pianístico ou para música de cámara, este correrá a cargo do aspirante á praza.

Capítulo III. Artigo 10º. Os aspirantes serán convocados para a proba nun único chamamento, e excluírase del quen non compareza. Non obstante poderanse considerar os casos de forma maior, debidamente xustificadas e apreciadas polo tribunal, para os efectos dun posterior chamamento. A non asistencia á proba suporá a perda da correspondente convocatoria.

2. OFERTA PÚBLICA DE PRAZAS

ESPECIALIDADE	PRAZAS G. PROFESIONAL
CLARINETE	1
FRAUTA TRAVESEIRA	2
GAITA	1
GUITARRA	1
PERCUSIÓN	1
PIANO	3
SAXOFÓN	1
TROMPA	1
TROMPETA	1
VIOLÍN	2
VIOLONCELLO	2
TOTAIS	16



3. MATRICULACIÓN DO ALUMNADO

A matriculación do alumnado realizarase ONLINE segundo se especifica a continuación.

O alumnado interesado en realizar as probas de acceso deberá remitir UNICAMENTE a seguinte documentación ao enderezo electrónico de secretaria@cmusvilagarcia.gal desde o luns 25 ata o xoves 28 de abril de 2022:

- Impreso de Solicitud de Matrícula nas Probas de Acceso 2022/23 debidamente cumprimentado, no que deben indicar a especialidade instrumental á que optan. Unha vez cuberto o impreso, pregamos garden o arquivo co nome do/a alumno/a e se é posible asinado dixitalmente.
- Copia do DNI do/a alumno/a interesado/a ou a folla do Libro de Familia na que figure o/a mesmo/a, ben escaneado ou ben coma imaxe.

Pagamento das Taxas

- Unha vez recibida a solicitude de matrícula o Conservatorio Profesional de Música remitirá por correo electrónico a cada solicitante o documento de liquidación das taxas das probas de acceso polo importe de 83,20 € e que deberá ser aboado no prazo indicado en calquera sucursal da rede de oficinas de ABanca, BBVA, CaixaBank ou Banco Santander. Ou tamén a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Vilagarcía de Arousa en <https://sede.vilagarcia.gal>. Unha vez realizado o pagamento, o/a interesado/a deberá remitir por correo electrónico ao centro o xustificante de pago.
- **A Matrícula nas Probas de Acceso no curso 2022-23 non será efectiva ata que se reciba o xustificante de pago das taxas.**

No suposto de ter calquera problema para realizar a matrícula online deberase comunicar por e-mail ao enderezo de secretaria@cmusvilagarcia.gal ou no teléfono 986500916, **como data tope o 28 de abril de 2022.**

As probas de acceso terán lugar os días 24, 25 e 26 de maio de 2022.

4 PROBA PRÁCTICA

4.1 INSTRUMENTO

Proba común a para todas as especialidades (70% da proba).

**Interpretación, no instrumento da especialidade á que se opte, de tres obras pertencentes a distintos estilos, das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria.*

*Entre o repertorio a interpretar polo aspirante poderá figurar **como máximo** un estudio.*

As obras que así o requiran deberán interpretarse co acompañamento preciso, ben sexa pianístico ou doutros instrumentos. O alumnado deberá traer consigo as partituras orixinais, así coma dúas copias para o tribunal.



REPERTORIO ORIENTATIVO ACCESO 1º CURSO GRAO PROFESIONAL

ESPECIALIDADE CLARINETE:

- Passages Studies Book 1 nº 12 e nº16 F. Thurston
- Dúo para clarinete en Do MA. Staedler
- Concerto nº 3 eb SibM K. Stamitz
- SonataWanhal
- Sonata F. Danzi
- Piezas Fantásticas N.Gade
- Five Bagatelles G. Finzi
- Canzonetta Op. 19 G. Pierné
- Concerto en Mib Op 36 F. Krommer

ESPECIALIDADE FRAUTA:

- Sonata en FaG. P. Telemann
- Sonata en FaG. Donizetti
- Romance A. Honneger
- Aria J. Ibert
- Catro pezas fáciles E. Bozza
- Pastoral EnfantineC. Chaminade

ESPECIALIDADE GAITA:

- Les Fleurs, op. 4 Ph. Delavigne
- Suites a deux muzettes op. 11.....J. B. de Boismortier
- Suite de Duo Galants., op. V Esprit-Philippe Chédeville
- Duos barrocos fáceis para gaita de fole Paulo Glez.

ESPECIALIDADE GUITARRA:

- Cadernos de exercicios B. Lester
- Estudos op.60..... F. Sor
- Estudos sinxelos, 2ª e 3ª Series L. Brouwer
- Studi per" chitarra nº 29 e 30 (Subini-Zerboni) F. Carulli
- "Preludios e fugas miniatura" A. Rowley



- "Doce estudos preparatorios" S. Dodgson-H. Quine
- "25 Estudos melódicos progresivos" Op. 60 M. Carcassi
- "Seis caprichos" Op. 26
- Estudos Op. 38 N. Coste
- Minueto en Sol M J. S. Bach
- Preludio N° 6 M. M. Ponce
- "Preludio e Barcarola" J. Absil
- "Bágoa" F. Tárrega
- "Espanoletas" Gaspar Sanz
- "Sarabande" F. Poulenc
- "Minuetos"· "Andantinos" etc F. Sor

ESPECIALIDADE PERCUSIÓN:

LÁMINAS

Xilófono - Métodos

- 15 Études pour Xylophone (pezas da 1 á 5) M. Jorand
- 39 Studies for Xylophone (pezas 1-5) M. Goldenbert
- Funny Xylophone (Vol. 1) N. J. Zivkovic

XILÓFONO - OBRAS

- Malletrix A. Gómez

MULTIPERCUSIÓN - MÉTODOS

- Multitudes Brown

CAIXA

Métodos

- Intermediate Studies for Snare Drum (pezas 1-5) M. Peters

Obras

- Concerts Solos for Snare Drum Keith Larson

TIMBAIS

Obras

- Intermediate Timpani Studies (pezas 1-5) M. Peters
- 30 Pieces progressives pour deux Timbales et Piano (pezas 1-8) G. Berlioz



ESPECIALIDADE PIANO:

- Invencións J. S. Bach
- Pequenos preludios e fugas J. S. Bach
- Mikrokosmos Vol II B. Bartok
- Para nenos B. Bartok
- Estudios Op.32 H. Bertini
- Pezas infantiles A. Casella
- Sonatinas M. Clementi
- Estudios Op.636 C. Czerny
- Piano,jazz,blues Vol 2 e Vol 3 A. Chartreux
- Sonatinas - A. Diabelli
- Cuentos para la juventud E. Granados
- Bocetos E. Granados
- Apuntes J. Guridi
- Fuguetas G. F. Händel
- Estudios Op.47 S.Heller
- Petite Suite J.Ibert
- Album de la Juventud Op.68 R. Schumann
- Album de la Juventud Op.39 P. I.Tchaikovsky
- Les Saisons P. I.Tchaikovsky

ESPECIALIDADE SAXOFÓN:

- Gavotte des Damoselles (Sax. Eb) E. Bozza
- Petite Gavotte (Sax. Eb)..... E. Bozza
- Serenade (Sax. Eb) Strimer
- Aria (Sax. Eb)..... E. Bozza
- Serenade Variée (Sax. Eb) R. Clérisse
- Belle Epoque (Sax. Eb) G. Lacour
- Saxophonissimo (Sax. Eb) A. J. Dervaux
- Les Ecureulis (Sax. Eb) P. M. Dubois
- Concertino nº 25 (Sax. Bb) J. Porret
- 4º Solo de Concurso (Sax. Bb)..... J. B. Singelée
- Introduction e Allegro (Sax. Bb)..... E. Ramehda
- Baie – Comeau (Sax. Bb) A. Ameller
- Trois Pieces nº 1 (Sax. BB) S. Lancen



ESPECIALIDADE TROMPA:

- Romance C. Saint-Saëns
- The Hunt J. Ployhar
- En Irlande E. Bozza
- Chant sans Paroles R. Clerisse
- 6 pezas melódicas orixinais C. Gounod

ESPECIALIDADE TROMPETA:

- Technical studies H. L. Clarke
- Método completo J. L. Arban
- Intrada et Rigaudon..... H. Purcell
- Sonata en Fa A. Corelli
- Aria "Bist du bei mir" J. S. Bach
- Air Gai..... G.P.Berlioz
- Peza de Concurso L. Picavais
- Andante et Allegro moderato G. Rene
- Lied E. Bozza

ESPECIALIDADE VIOLÍN:

- "El Violín Teórico y Práctico". Vol 4 y 5 M. Crickboom
- "Chants et Morceaux". Vol IV y V. M. Crickboom
- "Violin School". Vol V. S. Suzuki
- "Antología de Estudios para Violín". Vol 1 e 2. A. Arias
- "Estudios" Op. 84. Ch. Dancla
- "Estudios" Op. 220. Kayser
- "Estudios" Op.45. Wohlfart
- "Estudios". Op. 37. J. Dont
- "Conciertos" Op. 22., 23.....Seitz
- Estudios seleccionados do Kreutzer
- Sonatas e Concertos de Corelli
- Vivaldi, Conciertos en Sol M. e Lam; Sonatas Op. 2 nº 1, 4, 5 e 12
- Haëndel. Sonata nº 3
- Obras curtas coma as seguintes: Melodie de Schumman, Allegro non troppo de Mendelssohn, Humoresque de Dvorak, Country Dance de C. M. von Weber (arranxo Suzuki) ou Gavotte para violín so de J. S. Bach (arranxo Suzuki)



ESPECIALIDADE VIOLONCHELO:

- Volume III Método Práctico S. Suzuki
- 18 Leccións en posición S. Lee
- 113 Estudos, volumen I J. Dotzauer
- 40 Estudos Melódicos e Progresivos, Vol. I S. Lee
- Pezas con acompañamento de piano, volumen II Feuillard
- Sonata en Sol M Corelli
- Sonata en Do M 1º movemento G. B. Brèval
- Sonatas para cello e continuo A. Vivaldi
- Sonatas para cello e continuo B Marcelllo
- Minuetos da I Suite para Cello só e Bourrées da III suite J. S. Bach

4.1.1 CRITERIOS COMÚNS DE AVALIACIÓN DA PROBA PRÁCTICA DE INSTRUMENTO

- Interpretar as obras con adecuación estilística, respectando o ritmo, tempo, fraseo, calidade do son, articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- Valoración da comprensión global das obras interpretadas e a capacidade de concentración na execución, ben sexa para instrumento só ou co acompañamento que precise.
- Xulgarase a fidelidade ás indicacións da obra : Tempo, fraseo, dinámica,...
- Amosar un grao axeitado de corrección técnica nas obras interpretadas, así coma unha postura corporal correcta e relaxada no instrumento.
- Amosar un grao de sensibilidade, expresividade e imaxinación na interpretación do repertorio.

4.1.2 CRITERIOS ESPECÍFICOS DE AVALIACIÓN DA PROBA PRÁCTICA DE INSTRUMENTO

Percusión:

- Todos os criterios comúns anteriormente sinalados máis o seguinte:
- Coñecer as características de todos os instrumentos que constitúen a familia da percusión e as súas posibilidades sonoras para utilizalas, dentro das esixencias do nivel.

Piano:

- Todos os criterios comúns anteriormente sinalados máis o seguinte:
- Amosar o emprego correcto dos pedais.

Saxofón:

- Todos os criterios comúns anteriormente sinalados máis os seguintes:



- Valorarase a calidade do son e a afinación.
- Demostrar seguridade técnica e afianzamento na execución dos sons.
- Valorarase o esforzo no traballo da memoria.
- Valorarase a colocación corporal e a posición da embocadura.
- Valorarase o nivel adquirido no apartado da respiración diafragmática
- Valorarase o sentido rítmico.
- Valorarase a colocación e o grado de relaxación corporal.
- Valorarase a calidade do son e a afinación.
- Dominio das diferentes articulacións establecidas.
- Mostrar a capacidade para recoñecer a afinación.
- Interpretar as obras cun fraseo correcto.

Violín:

- Todos os criterios comúns anteriormente sinalados máis os seguintes:
- Amosar un dominio das dificultades técnicas coma cambios de posición, dobres cordas, golpes de arco e vibrato.
- Amosar estar en posesión dun son claro e limpo, adecuado ás dificultades propias do curso.

Violonchelo:

- Todos os criterios comúns anteriormente sinalados máis os seguintes:
- Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.
- Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnico necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.
- Interpretar obras das distintas épocas e estilos. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento, así como, o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.
- Interpretar de memoria, polo menos, unha das obras do repertorio consonte os criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio, valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como, a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.



- Amosar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ó texto.
- Amosar no programa presentado capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madureza da súa personalidade artística.

4.2 EXERCICIO DE COÑECEMENTOS TEÓRICO PRÁCTICOS DA LINGUAXE MUSICAL

Esta proba divídese en catro apartados, sendo preciso unha cualificación mínima de cinco puntos da media ponderada das mesmas:

Unha proba de lectura rítmica articulada dunha duración mínima de 16 compases.

1. Unha proba de entonación.
2. Unha proba auditiva, que consistirá na escritura ao ditado dunha melodía a unha voz.
3. Unha proba escrita na que se avalíen os coñecementos teóricos (propios dos contidos plantexados segundo o currículo oficial na especialidade de linguaxe musical no grao elemental)

4.2.1 CONTIDOS DA PROBA DO EXERCICIO DE COÑECEMENTOS TEÓRICO PRÁCTICOS DA LINGUAXE MUSICAL

Lectura rítmica

- Grupos de valoración especial. (dosillos, tresillo, cuatrillos, seisillos, etc.)
- Fórmulas rítmicas básicas orixinadas polos pulsos binarios e ternarios en compases simples e compostos e propias do nivel do curso anterior á proba.
- Compases simples e compostos (2/4, 3/4, 4/4, 6/8, 9/8, 12/8, 3/8, 3/2, 4/2, 2/2).
- Lectura en claves de Sol en 2ª liña, Fa en 3ª e 4ª liña e Do en 1ª, 2ª, 3ª e 4ª liña.

Entonación

- Entonación dun exercicio con acompañamento de piano nas tonalidades Maiores e menores ata 4# e 4b.
- Entonación interválica fora do contexto tonal de intervalos maiores, menores, aumentados e diminuídos, tanto ascendentes coma descendentes.

Auditivos (dictado)

- Realización dun dictado musical cun máximo de 8 compases en 2/4, 3/4 ou 4/4. As tonalidades posibles serán Do M, Fa M, Sol M ou La m
- Non se facilitará nin a tonalidade nin o compás. (Para a realización deste exercicio facilitarase ao aspirante o La 440 ou La4 como referencia)
- Recoñecemento auditivo dos tipos de acordes tríada e cuatríada segundo a súa interválica.



Teóricos

- Escala maior e menor, 4 tipos. Graos da escala. (tonalidades, relativos e alteracións propias das diferentes tonalidades)
- Acordes maiores e menores e acordes de 7^a, función (dentro dunha escala) dos mesmos e inversións.
- Intervalos: clasificación, tipo e especie, inversións.
- Recoñecemento dos tipos de acordes tríada e cuatríada segundo a sua intervállica.
- Semitóns diatónicos, cromáticos e enharmónicos.
- Equivalencias.
- Abreviacións.
- Notas de adorno, Mordentes, Grupetto, Trinos, etc.
- Grupos de valoración especial.
- Alteracións propias e accidentais dentro dun fragmento tonal. Alteracións dobres, Enharmonías.
- Forma musical.
- Termos de indicación de tempo e dinámica

4.2.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO EXERCICIO DE COÑECEMENTOS TEÓRICO PRÁCTICOS DA LINGUAXE MUSICAL

- **Lectura rítmica**, valoraranse os seguintes aspectos partindo dun exercicio elixido polo tribunal para o caso:
 - A capacidade de manter o pulso na velocidade exposta respectando os valores das notas e silencios nun fragmento elixido polo tribunal
 - O encadeamento das distintas fórmulas rítmicas así como tamén o encadeamento de motivos e direccionalidade do ritmo musical
 - As posibles equivalencias que se presenten tanto no tocante ao pulso como ao compás
- **Entonación**, na que se valorará os seguintes aspectos:
 - A capacidade de entonar e afinar un fragmento elixido polo tribunal tendo en conta todos aqueles elementos da linguaxe musical, así coma, pulso, matices, reguladores, ligaduras de expresión e unión, carácter, etc.
 - Entonación de intervalos tanto ascendentes como descendentes, maiores e menores, aumentados e diminuídos, partido dunha nota calquera tocada nun piano por un membro do tribunal.
- **Dictado**, no que se valorará os seguintes aspectos:
 - Un membro do tribunal tocará un fragmento dunha soa voz (melodía) de entre 8 e 10 compases, servíndose dun metrónomo e tomando como referencia o **la-440** ou **la4**; o aspirante debe ter a



capacidade de, nun só exercicio, percibir, recoñecer e escribir no papel pautado, a tonalidade, o compás, o ritmo, as notas e os silencios correspondentes

▪ **Teoría**

- Basearase nunha única proba cun mínimo de 10 preguntas e un máximo de 20, na que se terá en conta os contidos expostos anteriormente referentes ao material tratado segundo o currículo oficial nos niveis de grao elemental no apartado de teoría.

4.2.3 CUALIFICACIÓNS DO EXERCICIO DE COÑECEMENTOS TEÓRICO-PRÁCTICOS DA LINGUAXE MUSICAL

Cada apartado da proba será cualificado entre 0 e 10 puntos sendo preciso unha cualificación mínima de cinco puntos da media ponderada dos catro apartados para superar a mesma. A cualificación da proba, que suporá un 30% da nota final, realizarase tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- Lectura rítmica: un 40% da nota final
- Teoría: un 30% da nota final
- Entonación: un 15% da nota final
- Dictado: un 15% da nota final

4.3. CUALIFICACIÓNS FINAIS DAS PROBAS DE ACCESO

- A puntuación definitiva das probas de acceso será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro apartado, proba instrumental a), nun 70 % e o segundo, exercicio para avaliar os coñecementos prácticos da linguaxe musical b), nun 30%.

A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para matricularse no curso académico en que fose convocada.

O alumnado admitido que supere as probas de acceso deberá realizar a matrícula no curso académico 2022-2023 exclusivamente os días 1, 2 e 3 de xuño de 2022.